



# Plurilingüismo a partir do galego

## O papel da escola

No debate sobre o plurilingüismo podemos distinguir unha dimensión sociopolítica e outra pedag3xico-escolar. As dúas son complementarias e implican un tratamento solidario e coherente, tanto para decidir que facer coa diversidade lingüística, como para tomar medidas que a posibiliten, favorezan ou garantan. Este debate estase dando neste momento en contextos lingüísticos moi diversos, pero non é exactamente o mesmo nunha comunidade socialmente monolingüe ca nunha bilingüe; como tampouco é indiferente o status das linguas que cómpre articular nese obxectivo plurilingüe. Neste artigo preténdese facer unha reflexión desde Galicia, para ver como se pode construír a competencia plurilingüe dos cidadáns desde a lingua propia e minorizada.

**Bieito Silva Valdivia**

Universidade de Santiago de Compostela  
[icesilva@usc.es](mailto:icesilva@usc.es)

### Palabras clave

Plurilingüismo, planificación lingüística, didáctica das linguas.

### Os obxectivos dun plurilingüismo desde o galego

A diversidade lingüística pódese presentar como un feito, como a constatación dunha realidade social, máis ou menos plurilingüe, e tamén como un argumento, é dicir, como unha toma de postura colectiva perante o mesmo que comprometa accións institucionais en distintos eidos, e singularmente no escolar.

En Galicia hai un feito obvio, construído paseniñamente ao longo de séculos e

sometido a unha vertixe transformadora nas últimas décadas, que é a superposición do castelán nun territorio e nunha sociedade orixinariamente galegófonos, o que se traduciu nunha coexistencia complexa, como ben ten demostrado a investigación sociolingüística. Pero a esta situación de dúas linguas en contacto, sometidas ás tensións derivadas do moi distinto status e recoñecemento institucional de que gozou unha e outra, hai que engadirlle un espazo que se está a agrandar de xeito progresivo e acelerado para as linguas estranxeiras,



especialmente para o inglés. Estamos, xa que logo, diante dunha situación, de feito e de demanda, plurilingüe, sobre a que cómpre definir obxectivos sociais e, deseguido, camiños e instrumentos para acadalos.

Sobre os primeiros, parece unha obviedade dicir que todos os galegos deben ter unha competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais, que lles permita utilizalas con corrección e adecuación nos máis diversos contextos, pero tamén mellorar de xeito substantivo o seu coñecemento de linguas estranxeiras, de maneira que se poidan desenvolver con autonomía polo menos nunha delas. No que se refire ao galego e o castelán, este vén sendo un obxectivo escolar reiterado en todos os documentos oficiais, e tamén unha responsabilidade da Administración galega desde a Lei de normalización lingüística de 1983. No que toca ás linguas estranxeiras, representa unha demanda social evidente e cada vez máis compartida.

Sería ben doado argumentar a prol deste mínimo plurilingüe para o común dos estudantes que hoxe se están a escolarizar en Galicia, pero seguramente se trata dun esforzo innecesario. O dominio das dúas linguas oficiais é, non só un mandato legal, senón un requisito básico para que todos os cidadáns poidan facer uso efectivo delas na súa práctica social; é dicir, unha garantía nun dobre plano: no individual, de liberdade lingüística, porque se non se coñece unha lingua non se pode utilizar; e, no social, de cumprimento de obrigas profesionais asociadas a algún deses idiomas (péñese, por exemplo, en docentes de certas materias que a lexislación establece desenvolver en galego, e aos que o sistema

## Estamos diante dunha situación plurilingüe sobre a que cómpre definir obxectivos sociais e camiños e instrumentos para conseguilos

educativo debe capacitar para que o poidan facer). E en relación co coñecemento dunha lingua franca internacional, como o inglés, ninguén discute que é a mellor garantía para desenvolverse no mundo aberto e globalizado que nos tocou vivir. De feito, a este nivel de obxectivos non se aprecian no discurso público discrepancias relevantes, como o proba que a lexislación lingüística, que é a que reflicte politicamente a opinión colectiva, gozou dun importante consenso. E isto cómpre subliñalo, para que a anécdota non se confunda coa categoría, nin a excepción –como tal, puntual, aínda que nalgún momento interesadamente sobreponderada- coa norma.

Hai xa máis dunha década, Antón Reixa falaba dun ‘galego políglota’ que definía como “un individuo que está alfabetizado en galego, é competente en castelán por razóns obvias, sabe falar e ler en inglés porque así o aprendeu no sistema público de ensino obrigatorio, coñece o parentesco de irmandade lingüística entre o galego e o portugués (...) navega con vantaxe por Internet polos seus coñecementos de

inglés-castelán-portugués (...); un individuo, en definitiva, de mundo”. Unha visión que, sen dúbida, se sitúa aínda hoxe máis no nivel do ideal ca do real, pero que conecta coa tradición máis ilustre do galeguismo histórico, e que representa a aposta por un plurilingüismo asentado nas propias raíces idiomáticas e por un cosmopolitismo construído desde o singular.

Desde esta perspectiva, que subscribimos, do que se trataría é de ver como se pode promover unha mentalidade aberta e positiva cara á diversidade lingüística, afirmar o idioma galego co valor de marca de identidade propia e colectiva, garantir un dominio correcto e efectivo das dúas linguas oficiais para desenvolverse con elas en calquera situación comunicativa, e asegurar unha capacidade suficiente para comunicarse polo menos nunha lingua estranxeira. Un proxecto, polo demais, perfectamente viable, enriquecedor e ilusionante que xa se recolle hoxe entre os obxectivos da educación secundaria obrigatoria como unha ‘competencia básica de comunicación lingüística’ e que tamén axudará a superar debates resesos e ideoloxicamente pexados sobre o bilingüismo. Esixe, iso si, dous requisitos: un compromiso político, social e escolar claro, e unha reflexión serena para definir, con criterios sociolingüísticos e psicopedagóxicos, os itinerarios máis axeitados.

### Criterios para o desenvolvemento escolar da competencia plurilingüe

Presentamos de maneira moi sintética algúns criterios que deberían guiar o



## Hai que afirmar o galego como marca de identidade, garantir o dominio correcto das dúas linguas oficiais e asegurar a capacidade para comunicarse, polo menos, nunha lingua estranxeira

traballo escolar nesa perspectiva de fomentar a diversidade lingüística e de potenciar a competencia plurilingüe:

1. Para acadar resultados satisfactorios na capacidade para usar varias linguas é necesario crear a conciencia de que o plurilingüismo é un feito positivo; é dicir, que todas as variedades lingüísticas son dignas e valiosas, porque representan unha das máis excelsas construcións históricas das comunidades que as falan. É o que se coñece como 'competencia existencial' ou de 'saber ser', que se manifesta na predisposición favorable á aprendizaxe de linguas e na tolerancia e aprecio pola diversidade.

Trátase, xa que logo, dun saber actitudinal que facilitará as aprendizaxes idiomáticas, pero que vai máis alá do lingüístico para converterse en factor de cohesión social. Un saber especialmente necesario para as variedades minorizadas e con baixo status que, como todos os de carácter socializador, non se pode abordar só desde unha materia escolar, senón que require da implicación colectiva da comunidade educativa e da sociedade no seu conxunto.

Consideramos que este é o alicerce

sobre o que construír as outras competencias idiomáticas, e a chave para levar adiante un proxecto plurilingüe en positivo que non se presente como a transmutación escolar dunha maldición bíblica. Debería axudar o feito de formarmos parte dun continente maioritariamente receptivo á diversidade lingüística, e dunha Unión Europea que, malia as súas miserias, mantén como marca de valor identitario o lema "Strength in Diversity"; pero máis forza persuasiva debe ter aínda a evidencia empírica de que o plurilingüismo enriquece no ámbito individual e colectivo, e que non dificulta, senón que favorece a adquisición doutras aprendizaxes.

2. Para garantir a competencia non abonda a clase de lingua, senón que cómpre habilitar outros espazos de uso -escolares e, de ser posible, extraescolares- para as linguas que se queren aprender.

Este principio está detrás de calquera programa de educación plurilingüe que aposte de verdade pola suma de competencias lingüísticas, e resulta hoxe un argumento incontestable: as linguas apréndense facendo cousas con elas, de maneira que cómpre aproveitar todas as ocasións que permitan o seu emprego instrumental, e no eido escolar estas situacións son fundamentalmente as relacionadas co currículo. Tradúcese no denominado 'ensino por contidos', que consiste no emprego dunha determinada lingua nas materias non lingüísticas co obxectivo de que os alumnos progresen no dominio dese idioma, ao mesmo tempo que aprenden

os contidos da disciplina en cuestión; e no ámbito galego é a filosofía que inspira a lexislación lingüística escolar, en concreto o Decreto 124/2007 actualmente en vigor; pero tamén as iniciativas das chamadas seccións bilingües, nas que se emprega unha lingua estranxeira para vehicular os contidos de determinadas áreas curriculares.

Trátase dunha maneira de actuar contrastada en contextos moi diversos, pero que, para garantir o seu éxito, demanda un profesorado competente desde o punto de vista lingüístico, e con habilidades didácticas para resolver dificultades derivadas do uso dunha lingua potencialmente distinta da dos alumnos, pero tamén unha planificación apoiada en criterios sociolingüísticos e psicopedagóxicos que estableza o papel de cada lingua en cada momento. O primeiro, sobre todo no que se refire á competencia lingüística, seguramente non ofrece controversia, pero cómpre insistir tamén no segundo, porque, se non, pode suceder que as bondades iniciais do procedemento non se convertan en resultados, e que mesmo provoquen atrancos indesexados.

3. Relacionado, en parte, co anterior, é preciso ter en conta a dimensión social das linguas que se pretenden ensinar e aprender: o seu status, os obxectivos comunitarios e académicos que se marcan para cada unha, a relación dos aprendices con elas, etc.

Desde unha perspectiva plurilingüe hai que aceptar algún tipo de



**É preciso ter en conta a dimensión social das linguas que se pretenden ensinar e aprender: o seu status, os obxectivos comunitarios e académicos, a relación dos aprendices con elas, etc.**

complementariedade entre os idiomas, pero sendo conscientes de que a súa situación social -o grao de implantación, o valor de mercado...- é diferente, e tamén que non poden cumprir exactamente o mesmo rol na vida comunitaria. E estes son dous factores fundamentais na planificación das aprendizaxes lingüísticas sobre as que hai que tomar decisións políticas e escolares.

Sen pretender resolver un tema da complexidade que leva implícita a última afirmación, si parece necesario, polo menos, destacar algunhas cousas: que a lexislación lingüística reitera que o galego é a lingua propia de Galicia e que hai, ademais, consenso sobre a súa situación de minorización social; que o castelán tamén é lingua oficial, e que goza dun status social máis favorable, e

que as linguas estranxeiras son unha necesidade funcional que hai que garantir, pero que, socialmente, se sitúan nun nivel diferente.

Estas constatacións deben ser eixes fundamentais da planificación lingüística escolar, tanto para decidir en que momento se debe incorporar cada idioma como instrumento do currículo, como para acertar no protagonismo que han de asumir no seu desenvolvemento. Coidamos que a coherencia debería levar a aceptar algúns principios de carácter xeral:

- O galego, como lingua propia do territorio e como variedade recesiva, debe ser a lingua primeira e principal do currículo. En caso contrario, non poderá conservar a súa condición de código identitario nin funcionar como idioma socialmente útil, pero mesmo



será difícil que os aprendices desenvolvan a competencia que se debe demandar nunha lingua de instalación.

- O castelán debe ter tamén presenza instrumental no currículo para reforzar o dominio de certos usos académicos e formais, pero a súa situación de prevalencia social permite que, tanto o seu uso como a mesma competencia, estean moito máis garantidos polo contexto extraescolar.
- Finalmente, hai que destacar como un feito positivo que as linguas estranxeiras se incorporen ao ensino doutras materias, pero neste caso é necesario, aínda con máis razón, reflexionar sobre o momento e as condicións nas que se fai, para asegurar un nivel básico nos outros idiomas desde o que se poidan transferir con éxito os saberes lingüístico-comunicativos ao novo código.

4. É necesario renovar os enfoques na didáctica das linguas nunha perspectiva comunicativa, e tamén avanzar na colaboración e coordinación interlingüística.

Son dúas dimensións claves da pedagogía das linguas no ámbito escolar. Por unha banda, se o obxectivo central na aprendizaxe de calquera idioma é chegar a ser quen de empregalo como instrumento de coñecemento e de interacción social, a metodoloxía didáctica ten que se fundamentar tamén nun exercicio comunicativo que lle permita ao aprendiz construír significado a partir da explotación reflexiva dos recursos idiomáticos. E, por outra, dado que no sistema educativo galego os estudantes están en contacto con tres ou catro linguas, é imprescindible que o proceso de ensino-aprendizaxe responda en todas elas a unha filosofía de base común e a unha planificación dalgunha maneira compartida.

Non se trata de ignorar as especificidades estruturais dos idiomas, a súa situación social, ou a distinta relación que os estudantes poden manter con eles, porque

todo isto é real e pedagogicamente relevante; pero si aceptar que os aprendices-usuarios son os mesmos, que na maneira de aprender as linguas se desenvolven estratexias basicamente comúns e que hai moitos saberes transferibles dunhas a outras. A coordinación que se demanda non se debe confundir, polo tanto, con subordinación, nin pasa tampouco por negar as diferenzas, senón por non convertelas en trincheiras de incomunicación, porque só desde unha grande área lingüístico-comunicativa que chegue a acordos mínimos, se pode avanzar con éxito no dominio instrumental dos idiomas, na superación de prexuízos lingüísticos e na construción dunha mentalidade aberta á diversidade.

### Conclusión

Sentirse orgulloso do propio sen chauvinismos, ser capaz de apreciar e valorar o diferente, e poder aproveitar as vantaxes de comunicarse en varias linguas son, sen dúbida, algunhas das capacidades máis definidoras dunha sociedade avanzada e culta. Apostar con decisión por isto é un reto ineludible para a escola e para a sociedade en xeral, pero un reto que hai que abordar con optimismo e coa seguridade de que se pode superar con éxito.

Entendemos que en Galicia isto hai que facelo a partir de dous presupostos: unha actitude ilusionada cara á diversidade lingüística e cultural, e a asunción do galego como compromiso primario nesa aposta plurilingüe. Para o primeiro, abonda con crear un clima social e escolar favorable, aproveitando as múltiples sinerxías positivas que se están a producir no ámbito europeo. O segundo, en cambio, posiblemente require un maior esforzo persuasivo, que debería xirar arredor de tres argumentos: a) como patrimonio colectivo que é, os galegos de hoxe temos a responsabilidade específica de legarles o idioma galego ás futuras xeracións; b) esta permanencia no tempo só é posible se se mantén como lingua socialmente viva en Galicia, o seu territorio específico; e c) a primeira condición para que conserve esta vitalidade social é que todos os cidadáns teñan unha competencia suficiente para empregala.

En coherencia co que viñemos

defendendo, estes dous presupostos deben funcionar de xeito solidario e complementario, tanto no ámbito social como escolar. A tese de fondo é que unha educación plurilingüe en Galicia ten que desenvolver saberes procedementais, pero tamén actitudinais; que as competencias idiomáticas non entran en conflito entre si, senón que se poden e deben sumar; que a capacitación plurilingüe esixe renovación e coordinación nas áreas lingüísticas, pero tamén unha planificación lingüística rigorosa no ámbito do centro, e, finalmente, que a situación social de cada idioma é singular, e que isto se debe ter en conta no seu tratamento escolar. Unha visión, polo tanto, global da cuestión lingüística, que significa liberala da dimensión disciplinar e convertela nun compromiso colectivo.

### Bibliografía

- GUASCH, O. (2007) "La educación multilingüe: un reto para el profesorado", *Cultura y Educación* (19) 135-148.
- LORENZO, F. (2005) "Políticas lingüísticas europeas: claves de la planificación y aprendizaje de lenguas en la UE", *Cultura y Educación* (17) 253-263.
- NOGUEROL, A. (2008) "El tratamiento integrado de las lenguas en el marco europeo", en *Textos de didáctica de la lengua y la literatura* 47, pp. 10-19.
- RUIZ BIKANDI, U. (2005) "La reflexión interlingüística: ayudar a pensar en / amb / sobre tres llengües", en *Articles* (38) 51-66.
- SILVA VALDIVIA, B. (2008) "Gallego, castellano y lenguas extranjeras en el sistema escolar de Galicia", *Textos de didáctica de la lengua y la literatura* 47, pp. 59-69.
- UNAMUNO, V. (2003) *Lengua, escuela y diversidad sociocultural. Hacia una educación lingüística crítica*. Barcelona, Graó.
- VILA, I. (1996) "Educación multilingüe: motivación y actitudes" (89-104), en SIGUÁN, M. *La enseñanza precoz de una segunda lengua en la escuela*. Barcelona, ICE-Horsori.